

Testamento do Burro

Entroido 2007

Laza

O testamento deste burro
Non puido caer mellor,
Nas mans do fillo da Emma
E do Fonso Ferrador.

Tendo o amo que tiña,
Sabendo o que lle agardaba,
Deixou un papel escrito
Por si acaso un día finaba.

Moito me emocionei
Cando o final puiden lelo,
Que sentimento lle puxo
Hai que velo para crelo.

Que ninguén busque culpables,
Farteime de vivir esta vida
Sempre atado nunha estaca
Na rúa do Doutor Vila.

Cando viron ó animal
Alí coa pata estirada
Correu moi pronto a noticia
Dende Souteliño á Armada.

Avisaron ó Rubén
Por medio dun telegrama
Entrou na casa berrando,
Morreunos o burro Encarna!!

Votando as mans á cabeza,
Entre dentes murmuraba,
Mira que foi mala sorte
Esto ninguén cho contaba.

Parece que temos a negra
Non hai forma de ir para adiante,
Agora que había carne fresca
Pechamos o restaurante.

O burro saíu ó amo
Gustáballe moito o folión
Sempre o levaba no Entroido
Cara o Bar da Comisión.

A Manola dixo enseguida
O pelexo ha ser para min
Voulle xa botar a uña
Antes que lla bote o Pin.

Así fágome un abrigo
Para traer o corpo quente
E o que sobre doullo ó Coro
Que faga un bombo o Vicente.

Cómo se laiaba o Pin,
Que desgusto vos levou
Na festa de Villameá
O pobre canto chorou.

O meu pai anda coa reuma,
A miña nai dorme sola,
Agora esto do burriño,
E eu non mollo a miringola.

Ai Jasus, Jasus Díos mío
Esta vida cómo é,
Foi morrer o mesmo día
Que morreu o Pinochet.

Cantas noitiñas pasei
Durmindoo con el no curral
Por que ó chegar caldeado
Non atopaba o portal.

Era el quen me entendía
Era el quen me escoitaba
E si viña a dúas velas
Era quen me consolaba.

Ningún burro me tratou
Do xeito que el me trataba
E ningún me couceou
Como el me couceaba.

Ensinoume a ser teimudo
Ensinoume a traballar
Ensinoume a ir correndo
E ó mesmo tempo "esporrear".

Agora síntome triste,
Pido perdón a Díos
Pensando que era cebada
Empacheino de bullós.

Así matei ó meu burro
Deste xeito tan ingrato
Eu estou aquí no Entroido
E el descansa no burato.

Dixome o Pin, compañeiro,
De Soutelo a Matamá
Que quede ben repartido
Cómo a lotería da "navidá".

Pro antes de dar a proba
Collamos paso curtiño
E si hai algo que contar
Imos darlle un repasiño.

Manda carallo na habana,
As cousas que pasan nun ano
A do carradas a operación triunfo
E o da Tilde ó gran hermano.

Dixome a min o Quin
Esta si que era boa,
A ver si me sae a rapaza
Cómo esa chamada Chenoa.

Pro como che vai saír?
Mira que serás paspán,
Non lle fixo cantar no casting
OLIÑAS VEÑEN E VAN.

Tiveches ben mal acerto,
Espero que así te fartes
Proba a ver si á rapaza
Cha collen pro Supermartes.

O mundo está de carallo
Aqui non hai quen se escape
Veu a moda do recorte
E volta tamen o destape.

Ahí tedes logo ó Cura,
Fai o que lle dá a gana
Anduvo cortando os mirtos,
Aver se corta a sotana.

Por que xa me contaredes,
Entón, mama queridiña
Habería de estar bonito
Ver o cura con faldiña.

Teremos que pórle freo
Por que senón mira tú
Vai facer como a de Arcade,
En pelotas no interviu.

Como dixo a tia Ramira,
Teño unha cousa segura
Comparando os dous espidos
Sen pensar quedo co cura.

Estamos como queremos
Con tanta televisión
Anda o pobo ocupado
Entre o cotilleo e a canción.

Dun lado Operación Triunfo
Do outro o coro da carcel,
Todo Díos neste país
Queremos vivir do cante.

Aquí formaron un coro
Que hai que sacarlle o chapeo
Ensáiaos o Vicente
Ei no baixo do concello.

Seica son uns corenta
Entre mulleres e homes
Contan que cando ensaian
Tremen os ordenadores.

O Selois de contrabaixo,
O Colmenero de tenor,
O Chalilo évos baritono
E o das maracas é O Nicanor.

O Daniel e o José Angel
Non lle pegan nada mal,
Xa meten eses saltiños
Estilo David Bisval.

Dixo Juan Luís do Torres,
Gústacheme esto don cante,
Pois como siga así o choio
Que se vele o Bustamante.

O Miriño do Coella,
Que foi alguacil moitos anos
Ponos a todos ben firmes
Cómo se foran soldados.

Por detrás un decorado
Cunhas poulas e un Ciprés,
Empezan todos a unha
Si o Vicente di, a las tres.

E que boa planta teñen
Todos erguidos de pé
Non se sabe se é a do Moxo
Ou a Monserrat Caballé.

O cante é unha das maneiras,
Pro hai máis formas de vivir
Algún usan a política
Pra logo botarse a durmir.

Ai vai a historia cantada
Dun rapaz pouco avisado
Que empezou sendo un parviño
E chegou a deputado.

*De raparigo a mina nai deume unha "lhostia"
Dese xeito quedei medio atolondrado
Fun aprendendo a facer trampas na escola,
Espaviloume a cachola e cheguei a deputado.*

*Agora de grande arranxei un escaniño
Paso o día durmilando
E encima énchome o bolsiño.*

*I-eu gosto de mamar
Dos peitos do gobierniño
i-eu gosto de mamar
dos peitos do gobierniño
i-eu gosto de mamar
dos peitos do gobierniño
mamo por que fai dous anos
arrimeime onde o Touriño.*

*Son deputado e gosto de moi boa vida
Boa cama, boa comida para o meu ben estar,
Eu fago a forma de , ó chegar os presupostos
Ter os aparellos postos pra poder así mamar...*

*I-eu gosto de mamar
Dos peitos do gobierniño
i-eu gosto de mamar
dos peitos do gobierniño
i-eu gosto de mamar
dos peitos do gobierniño
mamo por que fai dous anos
arrimeime onde o Touriño.*

O José Portuguesiño
E a Belén do Cachoupo
Foron a santo Domingo
E viñeron aínda fai pouco.

Vaia problema que houbo
A que alí se puido armar
O José gustoulle tanto
Que non quería voltar.

Mandoulle ó Sixto unha carta
A xeito de despedida,
Ai que desgusto levou
ata lle amargou a comida.

Querida familia, dicía,
Somos José y Belén
Aquí en Santo Domingo
Nos atopamos moi ben.

De mirar para las tías
Se me desvió la vista
Quede algo chosco de un ojo
Por lo que fui al Oculista.

Eso en el ojo dereito,
El esquerdo tampoco anda ben
Por mirar onde no debía
Me lo incho de un hostiazo Belén.

Ai si estiveras aquí,
Te ibas poñer las botas,
Andan con el cu á recacha
E van casi que en pelotas.

Hai mujeres por doquier
Están por calquer esquina,
Tienes mucho onde escoger;
Y Mejores que la Isolina.

Ando buscado trabajo,
Como hai tanto monumento
Me meto en la construcción
A dar llanos de cemento.

Reparto todo lo mío
Y deixo la cosa así...
El panda y el remolque
Para Suso el Recarí.

Los chourizos e cachuchas
Que están en la bodega
Se las llevas cando poidas
Para mi suegra Rosita.

Le dás a tú hijo Sito
La caja de ferramentas
Un día que il no estaba
Se las jodí sin darme cuenta.

En canto a la motoserra
Que arranca sin gasolina
Esa queda para ti
Y tamén para Isolina.

Y con esto me despido
Aquí desde Punta Cana
Eu para Laza non volvo
Por que non me da la gana.

Un saludo atentamente,
Se despide de "vosé"
Vuestra nieta Belencita
Y vuestro querido José.

O Seirante e o Pistijos
Foron vendimar a Nocedo
Deixaron o coche á sombra
Por debaixo dun silveiro.

Sol dañado de setembro
Dos que queiman a rabiar,
Díxolle o Seirante ó outro,
Mira Sito, hai que marchar.

Ti monta na furrula
Que eu vou mexar primeiro
Mais o estar collendo a porta
Saltou nel un avesporeiro.

Zanquiñas para que vos quero
Correndo polo lameiro
Sacude que te sacude
O probe non daba feito.

Corre Paco que nos comen,
Carallo!! Pois dimo a min,
Que xa levo un forretazo
No raio de pizarrin.

Aquelo empezou a inchar
Non hai cristo que o esconda
O que era unha miñoca
Transformouse en Anaconda.

O mellor de todo o conto
Aínda está por chegar,
Pensou mostrar o aparato
E así poder vacilar.

Entrou na casa dicindo,
Celia mira para aquí,
Que che parece o asunto?
Nin o Conde Lequio a ten así.

A muller toda asustada
Abrindo os ollos de todo
Díxolle, ai meu Paquiño,
Pro ti púxecheste tolo?

Aproveitaron o choio
Tomárono con moito afán
Seica votaron tres días
Sen coller sequera o pan.

Dicía a sogra do Pedrito
A probe toda preocupada,
Que será do Paco e a Celia?
Xa fai que non se ven nada.

Arnejado sexa o demo!
Ben maliña ten que estar
Que non saen nin sequera
Coa burriña a pastar.

Levase moito estes anos
En todas as discotecas
Que as mulleres anden á teima
De quen ten mellores tetas.

Compadezome daquela,
Da que teña o peito raso
Dicen que é de castellon
Es os homes non lles fan caso.

Alá se van operar,
Tres mil euros cada teta
Máis ou menos un millon
Daquelas antigas pesetas.

O do home ten o seu,
Cousa de moito merito
Pra verlle as tetas bonitas
Vai o parvo e pide un credito.

Dese xeito a individua
Cun colondro en cada busto
Xa pasou de cinco a cen
Cómo se fora un alustro.

O pior é que despois
O tipo queda de mouco
Tera que pagar o credito
E as tetas tocas outro.

Empezo logo a repartir
Cómo cada ano fago
Non me vou parar en lerias
Veredes que veño bravo.

Os primeiros que me atopo,
O Gigi e o Percherón,
Xa que son os dous solteiros
Doulle o rabo e un collón.

Van cara Cimadevila
Para onda Carme do Correas
Ata seica pelexaron
Por ver quen liga con ela.

O Gigi vaina a roldar,
Di por baixo da véntana,
Sae ó balcón corazón
Que vou cantarche unha nana.

Saio ó balcón Benitiño
E si me falas así
Heiche ensinar unha cachea,
Hache de gustar Gigí.

Se ti me ensinas a cachea,
Igual che me senta mal,
E se baixas agora mesmo
“erjázote” no curral.

Jasus, que Díos me perdoe,
Non me sexas animal
No me fales desas cousas
Que me poden sentar mal.

Pois eu que che vou contar,
Perdoa que non te respete
Por que ando acelerado
Cómo a túa mibilette.

Hoxe non vas acertado
Anque sexas de boa leite
Non che podo facer caso,
Teño a moto sen aceite.

Non fagas caso princesa,
Non te vaias enfadar,
Veño á rolda en busca túa
Coa intención de me casar.

Despois chega o Percherón
Por o camiño de Vales,
Arrebólalle un cantazo
Vai e escáchalle os cristales.

Aquí veño cómo un lobo,
Bótate fora Carmiña
Que mais tarde ou mais cedo
Queiras ou non has ser miña.

Si queres que sexa túa
Halo ter que suar
Que son mula enrrebesada
Tamén che sei recachar.

Si me recachas preciosa,
Apértate ben as botas
Non vaia ser Ronaldinha
Que me alumes nas pelotas.

Ti que ves na rolda miña
Non sei que queres de min
Si vés con boas intencións
Ou en busca doutro fin.

Eu en busca de outro fin?
Considérasme ben malo
Foques,foques, Díos me libre,
Antes cortábame o nabo.

Para quieto Percherón
Que tes a bragueta roxa
Xa te estás movendo máis
Que a compresa de unha coxa.

Eu estiven no estranxeiro
Falo moi ben o Alemán,
Azufren estrugen bajen
E xa está formado o plan.

O segundo en escoller
A de levar o que queira
Privilexio que este ano
É pra Toña Cereixeira.

Cómo lle morreu o can,
Aquel chucho tan gracioso,
Se non é por que ladraba
Mais ben parecía un oso.

No cortello moribundo,
Alí o atopou o Mota,
Para ver si revivía
Practicoulle o boca a boca.

Baixa aquí Toña por Díos!!
Envólveo na colcha de pana,
Marcharon con el para arriba
E aínda o meteron na cama.

Decateime que na Rúa
Algúns están moi contentos,
Dicía o fillo da Elvira,
Así sálvanse os pementos.

Si lle daba por brincar,
As leiras da carretera
Deixabas escalazadas
Como un arado de "vertedera".

Cando entraba nunha horta
Xa ben o dicía a Gina
Quedaba toda arrasada,
Eso nin o furacán Catrina .

O Cachelo vai quedar
Este ano asubiar,
Que o día dos inocentes
Xa tivo moitos presentes.

Chegoulle de Villameá
Unha caixa empaquetada
Que levaba un unto dentro,
Unha fouce e unha aixada.

Que regalo máis bonito!!
Díxolle a Concha, pois sí,
Pro non llo contes a naide
Que aínda se rin de ti.

A Consuelo está agardando
Sabe que algo lle darei
Un anaco ha de levalo
Pero cal aínda non sei.

Ela fai de comadróna,
Ela fai de comerciante,
Agora deu en dar masaxes
E tamén é practicante.

Se andas con dolor de costas
Ou se esfolas un artello
Vai e dáche un masaxiño
A base de pingo vello.

Se o que tes es unha rotura
Ou che queda a perna toca
Escallolacha con trapos
E merda de pita choca.

Na reuma e o ácido úrico
Xa vos é máis complicado
Ei emprega bosta seca
E mexo de gato capado.

Para curar che un nocello
Mándate poñer o sol
Entón dáche unhas fraguiñas
Ben con Fairi ou con Mistol.

Entón non sei que lle hei dar,
Vamos logo a ver se atino,
Ha de levar o bandullo
Que é un bocado moi fino.

Ó Rubes doulle o traseiro
É por razóns de "salú"
Que o seu andalle maltreito
Por que un can mordeulle o cu.

Alá por o Santo Cristo
Foi buscar o ramo logo,
Mais non contaba co can
E votouse a el cómo un lobo.

Veuse queixando para Laza
Ó Ardillas e ó Chalamenco,
Atacoume un can en Trez
E case me deixa trencó.

Entón baixa os pantalóns
No medio e medio da Rúa,
Quedouse co cu ó aire
Sen darlle vergonza algunha.

Díxolle o Lolo do Ardillas,
Tápate Rubes por Díos,
Que se ve a xente esto
Vannos chamar maricós.

Que me chamen o que queiran
Dáme o mesmo quen se espante
Pro mellor que digan GAY
Que queda máis elegante.

As costelas son pra Irene,
Para a Irene e pro Barbeiro,
Que os deixaron sen coellos
E sen xamóns no mosqueiro.

Botábanlle a culpa o cadelo,
Todo Cristo equivocado,
Os animais desaparecían
Cando o can estaba atado.

Dixo o Paco do Barbeiro
Esto mándache "carano"
Pra min que non mire ninguén
Por que son vexetariano.

De sempre o pobo Galego
Foi vítima da emigración
Pro levamos uns anos
Que trocou a situación.

Non vos veñen con bromas,
Hai que trancar as portas,
O mesmo che marchan co caldo
Que coas leitugas das hortas.

Que llo pregunten o Miro,
O Miro e mais á Luísa,
Que houberon quedar sen porco
Sen bandullo e sen camisa.

Ai Miro, Miro
Ti de copas por os bares
Mentres marchaban co porco
Os Albano Cosobares.

Ninguén quixo dicir nada
E saltou o Caparrós,
Non sería o ALI BABA
Máis os corenta ladróns?.

O Emilio e mais o Suso,
Como enganaron hermanos,
Sempre os contamos do Pobo
E resultan ser Rumanos.

Con esto da inmigración
Róubache o porco calquera
E din que foron os mouros
Que o levaron na pátera.

Do Burro non lamben nada
Que o porco xa apareceu
Disfrazado con perruca,
Con gafiñas e chapeu.

Ei están os mozos de Laza
Saíron listos coma allos
Por non facer rapaciños
Xa os apañan criados.

Ó primeiro, compañeiros,
Eran solo dous ou tres,
Pro carallo, é cómo un virus,
Xa van polo menos dez.

Non andan con biberóns
Nin pañales, nin chupetes,
Nin pasan as noites en vela
Cando lle saen os dentes.

Eu teño as miñas ideas,
Non sei que pensades vós?
Pero aquí unha de dúas,
Ou son listos ou lambóns.

Tamén che me toca a min,
Han dicir esto ou aquilo,
E non a faltar tamén
Quen me vai chamando abuelo.

Eso non é cousa mala
No me ten preocupado
Había de ser ben peor
Que me deixaran preñado.

Cómo dicía a tía Lola
Nos se debe "laretear"
Quen non tivo na cazola
Caldo acedo que cheirar?.

Estes doulle a cagarrincha
Que a poñan de condón
Anque si fan dese xeito
Non lle ha facer falta, non.

O Paquiño de Carraxo
Téñolle un cacho gardado
Que se vai casar o pobre
E anda moi preocupado.

Alá foi a xunto o Cura
Que estaba nun cabodano
Saltou no medio da misa,
Veño de "pedir la mano".

Pero home, pero home,
E quen é a desgraciadiña?
A ninguén lle importa nada
Eso é cousa dela e miña.

A manta que vai na Albarda
É o meu regalo de vodas,
Pra noite da lúa de mel
Que te tapes como podas.

O mariano de Souteliño
Leva a cincha de contado
Para que lla poña ó can
E quede ben amarrado.

Vaia cadelo máis listo
Parece cousa de risa
Non se perde un cabodano
E os domingos vai a misa.

Chss, eso si,
Ei non hai ningún segredo,
Si alguén o quere ver
Terá que ser na de cedo.

O cura está moi contento,
Sexa verdade ou non,
É de todos os debotos
O que máis presta atención.

Abre as potas nas cociñas
Lambe o caldo e escapa a cen,
Que me leve o demo logo
Si non é o can do Bien.

Xa o di o Mariano,
É que vos é tan boiño,
Non hai dubida que é bo
Que llo digan o Roliño.

Díxome o Quin da Norita
A miña nai non lle deas Nada
Que estase pondo moi "jorda"
Parece que anda preñada.

Sempre picando no unto
Vai a coller mala fama
O outro día sen ir máis lonxe
O deitarse rompeu a cama.

Pois que fale coa Consuelo
Que para eso é alucinante
Alá colle o pingo vello
E o masaxe adelgazante.

E si eso non funciona
Dígoche eu a solución,
Que marche onda o Severino
E faille a liposupción.

No pobo de Matama
Non remataron co lío
Doulle logo enton as tripas
Para que as laven no río.

Coa escachiza que fixeron,
Pois entonces a saber,
Se pra outra cousa non vale
Para eso ha de valer.

Díxome a min o Vaquilla,
Ti, que esa boca non cala
Por que non fas un curral
Cómo o que fixo o KOALA.

E logo para que o queres?
Para meter a todos dentro.
Pois eu cántoche a canción
Aquí neste testamento.

OPA, QUE PASA EN MATAMA?
ANDA O POBO REVOLUCIONADO,
OPA, QUE PASA EN MATAMA?
TEÑENLLE O RIO TODO ESCARALLADO.

OPA, QUE PASA EN MATAMA?
VOTANLLE A CULPA O MONCHO E O ALCALDE
OPA, QUE PASA EN MATAMA?
MOITO PROTESTAN MAIS TODO E DE BALDE.

E VEÑA MANIFESTARSE
E TODOS A RECLAMAR
ENVISTEN CARA O ALCALDE
E QUERENO ESCORNAR.

PERO MANADA CARALLO OPA
QUE PASA EN MATAMA?
SAEN A CALLE TODOS CON FORQUITAS
OPA, QUE PASA EN MATAMA?
GATOS, CADELOS, OS MARRAUS E AS PITAS.

TEÑEN AS "JADAÑAS"
TEÑEN AS AIXADAS
PRA IR O AXUNTAMENTO
E CORRELOS A PATADAS.

TEÑEN PICO E PALA
E TAMEN PARES E NONES,
TER NON TERAN RIO
PERO SOBRANLLE COJONES, OPA

ESTO MADA CARALLO, OPA

Este ano mando a albarda
Pro pobo de Vilamea
Vaina levar a Elvira,
Canto traballo me dá.

Foi buscar mazás pra os porcos
Que estaban nun contenedor tiradas
Meteu primeiro a cabeza
E detrás foron as patas.

Así co cu a recacha
A pobre solo berraba,
Botádeme unha man por díos
Que quedei aquí encallada!!

Ós que matedes os porcos
Tedes que andar con coidado,
Que non vos vaia pasar
Cómo en cima de vila o Ricardo

Esto foi cousa do demo,
que veña Díos e que o vexa,
Onte o porco estaba enteiro
E hoxe xace sen cabeza

Seica Dicia a muller,
Que é asturiana de Cabrales
Si no tenemos cachucha
Como imos comer les fabes?

Ti no te aflixas muller
Que si el porcu no esta enteiro
Con un anacu de quesu
Podedes ir pal palleiru.

Si entón lle falta a cabeza
Voulle dar o cabeceiro
Algo é algo, non queixarse,
Non sexa que quedes baleiro.

Para apuntalar esta terra,
Rapaces e rapaciñas,
Os cravos das ferraduras
Ai vos van ás rapañiñas.

Levantádeme si caio
Que vou vello e xa non poido,
Que peguedes deste pobo
Que peguedes deste Entroido.

Sodes sangue de futuro
Sangue dun pobo labrego
Si vos din, ti de que vas?
Contestade, eu de Galego.

Que si hai que morrer por Laza
Preséntome eu voluntario
Si hei de cargar coa cruz
Con ela ó lombo ó calvario,
Espetarme no madeiro
Sen túnica nin sudario,
Cando se me apague a luz
Entón rezade un rosario,
Nin misa, nin pregarias,
Nin flores, nin novenario,
So unha danza da cruz
Por o día tres de maio,
E un cartel que diga, LAZA
Merece a pena CARALLO.
Ou cómo di Sacholo,
Que fai rir a máis de catro,
¡¡ Renejar yo de mi Diós,
no lo verás “mantecato” !!

Veredes cómo ó estar lonxe
Oídes o chamar da terra
E sentides ese orgullo
Da nosa lingua Galega.

Despois xa na intimidade
Non me meto, non hai fallo,
Na vosa vida sexual
Mandades vós e o carallo.

Así queda repartido
Este burriño tan bo
Propiedade da Manola
E do Luisito do Cocó.

LAZA que vagas sangrando,
Cómo te podo curar?
Pasas as noites chorando
Quen te pode consolar?

Doce igual cas filloas,
Suave cómo o vento que vai,
Alegre cómo un día de festa,
Terna cómo o amor dunha nai.

Sinxela cómo unha caricia,
Imponente cómo o mar,
Arrogante cómo a chuvia,
Ardente cómo o lume no lar.

Conxuro daquela queimada,
Gaita galega sen fol,
Eco dun cantar de Entroido,
Millo que precisa o sol.

Noite de ouleo de lobos,
Canto cruel das curuxas,
Cruce da Santa Compañía,
Feitizo en noite de bruxas.

Almas que son todas unha,
Luz que ilumina esta praza,
Gorxas que berran a un tempo,
VIVA O ENTROIDO DE LAZA.

**En Laza, era un Martes de Entroido,
día 20 de febreiro do ano 2007, cando
as oito do serán o “berro” deixa secas
as gorxas e o espírito, os ollos tornan
cara o chan nun innegábel xesto de
tristura. Vaise indo o Entroido, queda
ó lonxe na noite o son dos chocos...Que
amargo sonar... que doce recordo....**

O Dopa